

## O CASTRO PEDRO (Folladela-Melide-A Coruña)

Neste castro hai tres trabes, unha de ouro, outra de prata e outra de alcatrán, que veñen dende o castro de Paradela. Como non se pode tocar a de alcatrán, pois todo estouparía, non se poden coller as outras, que porían rica a toda a veciñanza.

Din tamén que non castro hai unha señorita encantada. Remaneceu a historia do encanto porque un individuo deste país caera prisioneiro da mourería, alá polas Castelas; mais, un día que nevaba, dixo el: cando acó neva, que fará no castro Pedro e o castro de Paradela. Oírono os mouros e preguntáronlle se coñecía os castros que nomeara. Dixo o preso que sí, e díxolle un mouro: “Vostede podía facerse rico para toda a súa vida se chegara a desencantar o encanto que hai no castro Pedro”

Para iso deulle o mouro tres moletes e cada un co seu periquete, dicíndolle: “Mira, non lles crebes ningún destes periquetes, nin lles tires un só belisco ao pan. Ao chegar ao castro Pedro, colles un dos moletes e tíralo no medio do terreo do castro, dicindo: Aureana, Aureana, toma o bolo que che dá a túa Ana. Botas o segundo e dis o mesmo, e sen variar nin chisco, quintas co terceiro molete”

Veuse o outro, xa ceibe, á casa e trouxo consigo os moletes, sen lles tocar para nada nin deixar que outro lles puxese a man, mais a súa muller non paraba por saber o que traía no saco, e azoroñou e azoroñou, e ao final non só viu e apalpou os moletes, senón que a un tiroulle o periquete.

Cando ao outro día pola mañá viu o home tal cousa, púxose que botaba lume contra a muller. Así e todo marchouse ao castro e dixo todo canto lle mandaran os mouros. Ao guindar co primeiro bolo, saíu unha señora belida montada nunha mula moi chea, que fuxiu como un lóstrego; botou o segundo molete e saíu outra moza do mesmo xeito. Á derradeira, guindou o bolo espelicado e de súpeto saíu outra señora non menos fermosa, pero montada nunha mula coxa e así non puido fuxir.

Enrabechouse moito a moza contra do home porque deixara espelicar o pan e mais porque deixara aquel bolo para a derradeira, pois, como lle dixo ela, se saíra na primeira, levábana as outras, e así tiña que quedarse soa no castro. Mais, antes de meterse ao fondo da terra, deulle unha cinta dourada para que lla puxera á muller, que lle había de estar moi ben.

Mais o home fixo doutro xeito e atou a cinta a unha árbore, que nun instantiño quedou feita borralla.

Dise que un home dos da casa de Fonte-Xoán leváballe de comer e de vestir, sobre todo carne de vaca e pantrigo, á señora coxa que estaba encantada no castro. Ela en cambio deulles moitos cartos, e a conta deles aínda din que estudou a carreira D. Leoncio, capelán de D. Saturnino Calderón.

(Relato recollido no Terra de Melide, incluído en *Lendas galegas de tradición oral* de X.M. González Reboredo, ed. Galaxia, 1995 Vigo)



Castro Pedro, Folladela, Melide